


FRANCA- MENTE VOU Á ÚLTIMA MODA



RESISTENCIA
DESDE 1906



Xacobeo 21-22




Diseño e ilustración: Luis Galán / verano de 2022



Declarada Festa de Galicia de interese turistico orde de 2/12 de 2013. DOGA 12/12/2013

XXIII EDICIÓN FEIRA FRANCA MEDIEVAL

BETANZOS DOS CABALEIROS
FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO
8~9~10 DE XULLO
MMXXII ANNO DOMINI



HENRIQUE IV DE CASTELA
1465 - OUTÓGALLÉ Á VILA DE BETANZOS O TÍTULO DE CIDADE
1467 - CONCEDÉLLE A CELEBRACIÓN DUNHA FREIRA FRANCA ANUAL

Concello de
Betanzos

XUNTA
DE GALICIA

Kacobeo 21-22

//ABANCA

Dep. DA CORUÑA

GADIS

Estrella
Galicia



R Saúdo da Rexedora

Chegamos ás 23 edicións da Feira Medieval. Aí é nada. E se todas son especiais, esta, sen dúbida, moito más. Con ela, con esta edición recuperamos a normalidade perdida. Recuperamos vivencias, vida, tradición, encontros... Recuperamos o que é noso, unha celebración que se converteu nun símbolo do noso verán, do noso municipio, no que rendemos homenaxe a unha parte importante da nosa historia e que non puidemos celebrar estes dous últimos anos como consecuencia da Covid.

Estes dous anos nos que non houbo Feira serviron tamén para darnos conta da importancia que ten para Betanzos unha cita como esta. Desde o punto de vista social e económico. E quizás, seguramente, valoremos ainda más poder cada ano ter un motivo de orgullo para lembrar a historia e darlle máis valor a escenas que despois de 23 anos xa son cotiás, pero que debemos lembrar e revivir ano tras ano, porque iso é o que nos diferencia doutras poboacións que pretenden celebrar mercados medievais pero non contan nin cun centro histórico como o noso nin, por suposto, cuns feitos históricos como os nosos.

Por diante teremos novamente tres días de emocións, de voltar ao pasado. Tres días aos que vos convido a que os aprevedeit para cambiar o paso do noso día a día, e gozar plenamente de algo único, dunha festa diferente e, como sempre, de BETANZOS, en maiúsculas, da súa riqueza histórica e cultural, das súas rúas, das súas xentes, do seu comercio, da súa hostalaría... Vixando a unha época preterida onde a nosa cidade tivo un papel significativo no Antigo Reino de Galicia.

Nas vosas mans tedes o programa de actividades que inclúe dende representacións de temas e acontecementos medievais que marcaron a nosa historia, ata música, exposicións... que se mesturan coa venda de produtos de artesanía e produtos gastronómicos nos distintos postos distribuídos polas rúas do casco histórico, respetando distancias entre eles para contribuir a manter unha serie de medidas de seguridade. Un programa que, coma sempre, non sería posible desenvolver sen a desinteresadas achega de voluntarios e voluntarias, e por suposto de traballadores e traballadoras municipais aos que agradezo públicamente o seu esforzo e dedicación.

María Barral Varela



Venres, 8 de Sant Xago

- 15:00 h** Remate da colocación das paradas de venta da XXIII edición da Feira Franca Medieval.
- 18:00 h** Os/as artesáns/ás chegados/as de todos os lugares e recunchos de España abren as súas paradas para ofrecerelles o mellor das súas terras ás persoas que queiran mercar ou observar os seus produtos.
- 18:00 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira e aperture do CAMPAMENTO MEDIEVAL situado no cantón Claudio Pita. Este último será por conta da compañía Hípica Celta e contará con obradoiros de exhibición de oficios tradicionais (canteiro, ferreiro e muíño de pan).
- 19:30 h** Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución.
- 19:30 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.
- 21:00 h** O señor de Andrade honra a todos os seus vasalos coa chegada á praza da Constitución desta real cidade e solicítalle á ilustrísima señora rexedora a apertura da FEIRA FRANCA.
- Nobres e campesiños presentarán as súas queixas e pedimentos ao señor de Andrade por medio do notario Xoán Branco e haberá danzas nobres e campesiñas coa colaboración da escola de danza DANZARTE e danzas mouras por conta das voluntarias da Feira Franca Medieval. O pregón correrá por conta de XULIO LOUREIRO GONZÁLEZ, vicedirector do IES As Mariñas.
- Para rematar a ilustrísima señora rexedora da cidade de Betanzos abrirá a XXIII FEIRA FRANCA MEDIEVAL de Betanzos.
- 23:00 h** Na rúa Travesa os membros do CLUB DE BALONCESTO SANTO DOMINGO de BETANZOS representarán o incendio da cidade do século XVI cunha simpática carreira de bocois.
- 24:00 h** Na praza da Constitución espectáculo "Suaren Batalia" por conta da compañía HÍPICA CELTA

Durante toda a tarde haberá espectáculos de malabarismo, música, teatro, etc. Actuarán por toda a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS, o Grupo TROULA ANIMACIÓN con espectáculos de percusión e lume. Ao longo de toda a tarde haberá exhibición de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e de CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira e CAMPAMENTO MEDIEVAL no cantón Claudio Pita desde as 18:00 h ata as 22:00 h con obradoiros e xogos populares para nenos e nenas. Co mesmo horario funcionarán o resto das atraccións para os rapaces e rapazas.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuito, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 19:30 h e as 21:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.



Sábado, 9 de Sant Xago

- 11:30 h** Apertura das paradas.
- 11:30 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL e das atraccións para os nenos e nenas na praza dos Irmáns García Naveira así como do CAMPAMENTO MEDIEVAL E OBRADOIROS no Cantón Claudio Pita.
- 12:00 h** Na praza da Constitución xogos populares e tradicionais para nenos e nenas por conta dos membros da CRUZ VERMELLA de Betanzos.
- 12:30 h** Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución.
- 12:30 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.
- 13:30 h** Na praza da Constitución, chegada dos mouros ao mando de Yussuf Hammar para esixirlle á cidade de Betanzos as doncelas que ten que entregarlle ao califa de Córdoba. As mozas mouras que acompañan a Yussuf deleitaran os cunhas fermosas danzas.
- 17:00 h** Apertura das paradas.
- 18:00 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira.
- 18:00 h** Apertura do CAMPAMENTO MEDIEVAL e dos OBRADOIROS no cantón de Claudio Pita.
- 19:00 h** Revolución irmandiña coa proclama do mercador Afonso de Carballido, danzas campesiñas por conta da escola de danza Danzarte e a continuación actuación do grupo AZOGUE da Escola Municipal de Folclore de Betanzos.
- 20:00 h** Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución.
- 20:00 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.
- 24:00 h** Na Praza da Constitución, espectáculo de pirotecnia, zancudos e lume por conta do grupo de teatro LA RECUA e representación dun Aquelarre.

Durante todo o día percorrerán a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS, o grupo de teatro LA RECUA e haberá tamén exhibicións de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e de CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira e CAMPAMENTO MEDIEVAL E OBRADOIROS no cantón Claudio Pita desde as 11:00 h ata as 14:00 h e dende as 18:00 h ata as 22:00 h.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuito, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 18:30 h e as 20:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.



Domingo, 10 de Sant Xago

- 11:30 h** Apertura das paradas.
- 11:30 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL e das atraccións para os nenos/as na praza dos Irmáns García Naveira así como do CAMPAMENTO MEDIEVAL E OBRADOIROS no Cantón Claudio Pita.
- 12:00 h** Na praza da Constitución xogos populares e tradicionais para nenos e nenas por conta dos membros da CRUZ VERMELLA de Betanzos.
- 12:30 h** Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución.
- 12:30 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.
- 13:30 h** Escena da expulsión dos leprosos que parten da praza dos Irmáns García Naveira, que desenvolverá a xente colaboradora da organización e que rememora un feito histórico da cidade.
- 17:00 h** Apertura das paradas.
- 18:00 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira.
- 18:00 h** Apertura do CAMPAMENTO MEDIEVAL E OBRADOIROS no cantón de Claudio Pita.
- 18:00 h** Torneo Medieval a cabalo na praza dos Irmáns García Naveira con exhibición dos cabaleiros ademais de CETRARÍA. Espectáculo de danza polas mozas colaboradoras da organización e a escola de danza DANZARTE.
- 20:00 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na praza da Constitución.
- 20:00 h** Actuación de KOTE MALABAR no adro de Santa María.
- 23:00 h** Na praza da Constitución espectáculo por conta do grupo de teatro LA RECUA. Durante todo o día percorrerán a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS o grupo de teatro LA RECUA, o CONXUNTO ARTÍSTICO ALBORADA do Centro Galego de Mar del Plata (Arxentina) e haberá tamén exhibicións de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira e CAMPAMENTO MEDIEVAL no cantón Claudio Pita desde as 11:00 h ata as 14:00 h e dende as 18:00 h ata as 22:00 h.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuito, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 18:30 h e as 20:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.

SERÁ NO ANO DE DEUS DE 2023 CANDO NOS VOLVAMOS A ATOPAR NA XXIV EDICIÓN DA FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS. QUE ASÍ SEXA...